

# EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 05/08/2024

## **PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

## **CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
PAOLA MARIA MOCHALES  
SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes

CARLOS COIRA LOJO  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

## **SECRETARIA**

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

## **INTERVENTOR**

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 05/08/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30 de xullo de 2024, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2024/2956**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Funeraria y Ambulancias Compostela SL para o servizo de ambulancias para cobertura de operativo especial Festa da Auga 2024, o día 16 de agosto e Combate Naval o día 24 de agosto de 2024, por un importe total de 1.120,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/2966**

Dáse conta de publicación no DOG nº 142, de 23 de xullo de 2024, da Orde de 22 de xullo de 2024, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen os criterios de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado á realización de investimentos en infraestruturas municipais de carácter estratéxico, previsto na letra i) do artigo 59.cuarto da Lei de orzamentos xerais para 2024 (código de procedemento PR486E).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/2975**

Dáse conta de comunicación de incidencias do Departamento Territorial de Vigo da Consellería de Política Social e Igualdade en relación co Centro Sociocomunitario de Vilagarcía de Arousa, solicitando a realización de actuacións correctoras das incidencias detectadas (filtración de auga no despacho de dirección).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que, dado que a Xunta de Galicia ocupa múltiples locais e dependencias municipais (Centro Social, SPAD, Centro de Matosinhos, etc) sería axeitado que colaborara no mantemento das instalacións.

### **PRP2024/2954**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa INTERMACO SL para subministro de material para

ampliación da rede de saneamento na Rúa Igrexario, por un importe total de 4.820,46 € (IVE incluído), con cargo á partida 160.210:

Material a subministrar:

- 27 tubos SN4 laranxa 315
- 9 tubos SN4 laranxa 160
- 6 aros 0.80 m \* 0.50 m
- 6 reducións 0.8 \* 0.60 a 0.60

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2886**

Dáse conta do escrito presentado por D. José González Santos, en representación de ASOC. PEÑA ESCUADRA ARLEQUINADA, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na Praza de Galicia os días 27 de xullo, e 3, 6, 10, 12, 13 e 14 de agosto para a venda de camisetas con motivo da Festa da Auga.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/2927**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Alexandra Pintor Díaz**, solicitando autorización para ocupación de vía pública diante do establecemento comercial "Retro Pocket Vintage" situado na Rúa Romero Ortiz nº 9-11, o día 10 de agosto de 2024, con motivo da celebración do séptimo aniversario do establecemento.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O horario no que se autoriza é de 10:30 a 22:00 horas.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/2928**

Dáse conta de solicitude de Alcoholicos Rehabilitados Arousa - AREVA para ocupación de vía

pública na Praza de Galicia o día 3 de agosto de 2024, en horario de 10:00 a 13:00 horas, así como a cesión dunha carpa, unha mesa e catro cadeiras.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2024/2931**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Española contra el Cancer, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, coa colocación dunha carpa e unha mesa, o día 6 de agosto de 2024, en horario de 10:30 a 13:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/2932**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na confluencia das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, o día 10 de agosto de 2024, en horario de 9:00 a 15:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/2945**

Dáse conta do escrito presentado por D. David Jiménez Abalo, en representación de El Trastero de David y Suso SL, solicitando autorización para realizar unha sesión vermut en horario de 13:00 a 14:30 horas os días 3 e 24 de agosto de 2024, así como a colocación de un punto de luz e un escenario na confluencia das Rúas Valentín Viqueira e Juan García.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder á ocupación de vía pública para o día 24 de agosto, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

En relación coa colocación de un punto de luz e un escenario, dáse conta aos Servizos Municipais correspondentes para os efectos da súa instalación no caso de ter dispoñibilidade dos mesmos.

### **PRP2024/2987**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música e un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en arzobispato Gelmírez nº36, os días 12, 13, 14, 15, 16, 17 e 18 de agosto de 2024, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:30 horas, así como a instalación dunha pulpeira no exterior do local os días 15, 16 e 17 de agosto en horario de 13:00 a 18:00 e de 20:00 a 23:00 horas), con motivo das Festas de San Roque.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O horario para a música será de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 23:30
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

## **RECURSOS HUMANOS**

### **PRP2024/2957**

Logo de dar conta á Xunta de Goberno Local celebrada o 15/07/2024, da concesión, pola Deputación Provincial de Pontevedra, dunha subvención de 14.000 € PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2024, e tendo en conta que a xustificación desa subvención non precisa da contratación de máis persoal, esta concellería pretende utilizar esa aportación presupostaria para a contratación dun/ha informador/a turístico que preste o seu servizo no Museo de Ferrocarril de Vilagarcía (MUFEVI).

As condicións desa prestación serán:

- Duración do contrato: do 20/08/2024 a 31/12/2024
- Xornada: a tempo parcial de 30 horas/semanais, no seguinte horario: mércores, xoves e venres, de 10 a 14 e de 16.30 a 19.30; sábados, de 11 a 14 e de 16.30 a 19.30; domingos, de 11 a 14.
- Retribucións: según RPT deste Concello

A convocatoria realizarase a través da presentación da correspondente oferta no Servicio Público de Emprego.

Visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convocatoria para dito proceso selectivo.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **PRP2024/2994**

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de XULLO 2024,

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

1. Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :
  1. Atención educativa: 16.476,58€
  2. Comedor: 6.775,74€
2. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 10 de Agosto de 2023 en concepto de
  1. Atención educativa: 8.320,01 €

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local, a acorda:

- Aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de XULLO 2024, por importe de 31.572,33 €, con cargo á partida 3213.48007.

## **EMPREGO**

### **PRP2024/2944**

Dáse conta da Resolución dictada pola Directora Xeral de Administración local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ó abeiro da Orde de 27 de maio de 2024( DOG 105 de 31/05/2024) , pola que se acorda conceder ó Concello de Vilagarcía unha subvención polo importe global de 15.000€ para a realización da actuación denominada SALVAMENTO E SOCORRISMO 2024. Esta axuda representa o 30,78% sobre o orzamento elixible do proxecto, que ascende a un importe de 48.732,96 €, non incluída a indemnización por cese, como custe non subvencionable.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/2951**

Dáse conta da modificación da resolución de concesión da axuda para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles de comercialización, concedida para o proxecto VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS COMERCIALES URBANAS.

Solicitada autorización ao Ministerio para destinar o remanente da actuación "Programa de Tutorización para la mejora competitiva del comercio local?" á contratación dun servizo de atención aos cidadáns para facilitarllela accesibilidade ao uso da ferramenta de ticketing dixital, por parte do Ministerio accedeuse a dita solicitude ditándose o 19 de xuño de 2024 unha nova resolución, modificativa da anterior.

A resolución modificada, que se incorpora ao expediente, afecta ao concepto financiable "? Gastos dirixidos a transformación dixital", tal como se especifica no cadro que se adxunta como anexo á proposta.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da modificación indicada e que se fagan as anotacións precisas na contabilidade municipal e no proxecto PROXECTO:2022/2/NEXT/1/1, segundo se especifica na comparativa que se xunta á proposta como anexo I (comparativa antes e despois da modificación da resolución).

### **PRP2024/2955**

Dáse conta da aprobación das bases reguladoras e convocatoria, aprobadas na Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra o 26 de xullo de 2024, do proxecto da

Deputación provincial no marco do Programa Plan de Fomento da Empregabilidade denominado “+EMPREGA NOS CONCELLOS ” nos concellos da provincia de Pontevedra.

O proxecto ”+Emprega nos concellos” ten por obxecto dotar as mozas e mozos desempregados e, en xeral, as persoas desempregadas da provincia, mediante un contrato de traballo, dunha primeira experiencia profesional para que adquiran competencias e habilidades sociais e profesionais, empatía, creatividade, dotes de liderado e capacidade de adaptación, entre outras, relacionadas coa actitude da persoa traballadora.

Concretamente, o proxecto ”+Emprega nos concellos” desenvólvese en dúas fases:

a) Unha primeira fase de selección das entidades colaboradoras e de determinación do nivel de estudos para obter a práctica profesional adecuada ao devandito nivel baixo a modalidade de contrato formativo.

b) Unha segunda fase de selección das persoas beneficiarias dos contratos formativos por parte das entidades colaboradoras, tal e como se dispón nas bases reguladoras e na convocatoria.

A través desta subvención fianciarase unha parte do custo laboral total dun contrato formativo por un período máximo dun ano a tempo completo.

As 128 contratacións laborais baixo a modalidade contrato formativo distribuiranse entre os concellos de menos de 50.000 habitantes.

O Concello de Vilagarcía, polo número de habitantes, ten dereito a solicitar 3 traballadores/as.

As titulacións propostas para solicitar ao programa “+EMPREGA NOS CONCELLOS, CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2024 serán as seguintes:

- 1 Ciclo Medio (Área de Servizos Sociais).
- 1 Licenciado/a/Grao (Área de Deportes)
- 1 Licenciado/a Grao (Área de Cultura).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención ao abeiro do Programa Plan de Fomento da Empregabilidade denominado “+EMPREGA NOS CONCELLOS ”, de acordo co anteriormente indicado.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2024/2925**

Dáse conta da chegada ao Departamento de medio Ambiente, o día 17/07/2024, dunha comunicación de Augas de Galicia no que nos achega o informe correspondente á auditoría realizada no funcionamento da EDAR e no que se indican os seguintes aspectos:

- Cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE en tódalas mostras tomadas.
- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento rendemento insuficiente.

Así mesmo fan unha serie de recomendacións para subsanar as deficiencias.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se aprobou a modificación puntual do PXOM para cumprir as condicións esixidas e o Concello está á espera de que a Consellería de Infraestruturas comece a execución dos traballos necesarios para mellorar a depuración das augas residuais e subsanar as deficiencias detectadas.

### **TURISMO**

#### **PRP2024/2901**

Dáse conta de proposta da Concellería de Turismo en relación co xustificante de gasto ao obxecto de proceder á validación das actuacións levadas a cabo na comisión do devandito gasto, para aprobación deste, recoñecendo as correspondentes obrigas e declarándoas de aboamento.

Consta de 1 factura da Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril, a nº 7, de data 04/10/2023, por importe de 3.000 € (IVE engadido) , en concepto de compra de ameixa para a celebración da Festa da Ameixa de Carril 2023.

A Axencia de Turismo de Galicia publicara a Resolución do 28 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023. Ao abeiro desta convocatoria, foille concedida ao concello unha axuda de 3.000 para a compra de produto destinado á Festa da Ameixa de Carril 2023.

A Cofradía presentou a factura en data 06/10/23 pero houbo problemas na aplicación informática e foi devolta en data 26/12/2023, polo que o concello non pudo xustificar a subvención da Axencia de Turismo. Agora foi presentada o 18/06/2024.

Trátase dun gasto que se corresponde coa modalidade de contratos menores por razón de contía dos definidos no artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro de 2017, pero respecto do cal non se observou o requisito da previa aprobación do gasto como determina o precepto legal indicado e as bases de execución dos Presupostos municipais para o ano 2023. Non obstante, tal e como se acredita na propia factura, o servizo foi prestado e de conformidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se inclúa o citado gasto no correspondente expediente de créditos recoñecidos, para a súa aprobación polo Pleno da Corporación Municipal.

Dar conta á Intervención Municipal.

### **PRP2024/2909**

O Concello de Vilagarcía de Arousa, dentro das súas competencias ten a da Promoción Turística que, entre outros aspectos, lógrase a través da realización de eventos que difundan os atractivos de Vilagarcía, dun xeito especial os vinculados co mundo da gastronomía. En particular, a divulgación do valor da Ameixa de Carril. A actividade que se pretende subvencionar é a Festa da Ameixa de Carril, o día 11 de agosto de 2024.

A subvención figura nominativamente no orzamento do ano 2023 e prorrogado para o 2024, polo que se considera adxudicada dende o mesmo momento da aprobación ou da prórroga do orzamento, por importe de 5.000 € e con cargo á partida 432.48002.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do convenio coa Cofradía de Pescadores "Santiago Apóstol" de Carril, con N.I.F. G-36012813, para a celebración da Festa da Ameixa de Carril 2024.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2024/2949**

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a ubicación dun Punto Lila seguro contra as agresións machistas durante a Festa da Auga 2024, a noite do 15 ao 16 de agosto, por un importe total de 1.899,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799, coa seguinte desagregación:

- Orzamento de APAIOGA -G36455863, polo servizo de información, sensibilización, coordinación e atención Punto Lila, por importe de 1.572,80 € (IVE exento).
- Orzamento de BAYGAR SL polo aluguer de caseta e transporte, por importe de 326,70 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CULTURA**

#### **PRP2024/2899**

Vista a solicitude de Asociación Comisión de Festas San Miguel da Torre, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Miguel en A Torre os días 4, 5 e 6 de outubro de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Coral AMENCER, o día 6 de outubro de 2024, por un importe de 335,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2024/2924**

Con data de 2 de xullo de 2024 a asociación patronato da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa presenta unha solicitude do segundo pago do 25% do convenio asinado entre esta asociación e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización de actividades no ano 2024.

Na cláusula sétima recóllese a forma dos pagos da subvención do seguinte xeito:

- 1º PAGO: Logo da aprobación da sinatura do convenio pola Xunta de Goberno Local (XGL), procederase á transferencia do 50% da cantidade total correspondente.
- 2ª PAGO: previa solicitude e xustificando os motivos para un novo adianto, poderase solicitar un 2º pago do 25% do total do convenio
- 3º PAGO: O pago do 25% restante da subvención realizarase despois da xustificación definitiva pola Banda da realización do obxecto e actividades previstas nos termos establecidos no convenio.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa do 2º pago de 25% do total do convenio asinado para o presente ano, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 334.48205: 9.692,38 €
- Con cargo á partida 334.78000: 1.875,00 €

### **PRP2024/2952**

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do contrato menor de patrocinio para o desenvolvemento do "AMEIXA ROCK 2024" coa Asociación Cultural "Ameixa Rock" de O Carril, cunha aportación económica por parte do Concello de 7.000,00 €, con cargo á partida 334.22602, que ten por obxecto a promoción da cultura e asociar a imaxe do Concello de Vilagarcía ao Festival "Ameixa Rock 2024" que se vai a celebrar os días 7 e 8 de setembro de 2024 en Carril.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2024/2922**

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 2 de decembro de 2022, previa solicitude, concedeuse a este Concello unha subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, ao que este concello está adherido, por importe total de 48.841,65 € para a redacción de tres proxectos entre os que se encontra o Proxecto "Humanización da Avenida da Mariña no entorno da Praza da Peixería".

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en data 02 de decembro de 2022, concedeulle ao concello a subvención para a Redacción deste proxecto por importe de 16.280,55 €.



Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de febreiro de 2023, adxudicouse o contrato menor de servizos para a redacción do proxecto de Humanización da Avenida da Mariña no entorno da Praza da Peixería á arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras por un importe de 13.007,50 € (IVE incluído), cofinanciado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra mediante subvención concedida pola REDE ÁGORA para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís.

Examinada a normativa vixente e a documentación remitida polo Concello, por parte dos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra emítase Informe de Adecuación Técnica FAVORABLE, en data 16 de maio de 2024 polo arquitecto da área de Espazo Público e Mobilidade Alternativa.

O proxecto preséntase en dúas partes asinadas electronicamente pola arquitecta redactora; a primeira contén a documentación escrita coa memoria descritiva das obras, memoria construtiva, cadros de prezos e orzamento detallado, estudo de seguridade e saúde, memoria de xestión de refugallos e prego de condicións; a segunda parte contén a documentación gráfica cos planos suficientes que definen a intervención.

O obxecto do proxecto e introducir unhas condicións de uso da rúa máis amables cos peóns e, por tratarse dunha rúa onde non hai garaxes, pode quedar limitada a un uso case exclusivamente peonil.

O arquitecto municipal emitiu informe de supervisión favorable o 02 de maio de 2024.

Con data 6 de maio de 2024 foi solicitada autorización sectorial á Consellería de Cultura, petición que foi reiterada con data 12 de xullo de 2024.

A Directora Xeral do Patrimonio Cultural da Delegación Territorial de Pontevedra, Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, ditou Resolución o 17 de xullo de 2024 aos efectos de autorizar as obras de Humanización na Avenida da Mariña no contorno da Praza da Peixería.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 478.524,40 € (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 6 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Proxecto de humanización da Avda. da Mariña no entorno da Praza da Peixería", redactado pola arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, cun orzamento de 478.524,40 € (IVE engadido).

2.- Darlle traslado deste acordo á Deputación Provincial de Pontevedra conforme se indica na base reguladora décimo quinta da Subvención para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos nos Concello da REDE ÁGORA 2022.

## PRP2024/2936

Dáse conta do expediente de contratación CT 27/2024-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar o contrato de subministros denominado "Subministro e instalación dunha pantalla led videomarcador no Campo de Fútbol de A Lomba", financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento de licitación de 18.144,64 € (sen IVE) e de 21.955,01 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B70388574 UFA, Tecnologías de Comunicación, SL

Unha vez examinada a documentación presentada polo licitador, compróbase que a mesma é correcta, polo que o órgano de asistencia acorda admitir á mercantil UFA, TECNOLOXIAS DE COMUNICACION, SL (NIF: B70388574).

A oferta presentada polo licitador admitido é a seguinte:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Mellora: incremento do prazo de garantía	Mellora: redución do prazo de execución en 15 días
UFA, TECNOLOGIAS DE COMUNICACION, SL	18.144€	NO	SÍ

A continuación, procédese á valoración da proposición admitida de acordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, co resultado seguinte:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntuación oferta económica	Puntuación mellora: incremento do prazo de garantía	Puntuación mellora: redución do prazo de execución	TOTAL PUNTOS
-----------	--------------------------	-----------------------------	---	--	--------------

UFA, TECNOLOGIAS DE COMUNICACION, SL	18.144€	20	0	40	60 (Proposto para a adxudicación)
--------------------------------------	---------	----	---	----	-----------------------------------

De conformidade coa avaliación da proposta achegada polo licitador, o órgano de asistencia conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polo licitador:

Orde: 1NIF: B70388574 UFA, Tecnologias de Comunicacion, SL Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 60

Total puntuación: 60

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de subministros denominado “Subministro e instalación dunha pantalla led videomarcador no Campo de Fútbol da Lomba”, cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento de licitación de 18.144,64€ (sen IVE); 21.955,01€ (con IVE), ao licitador con NIF: B70388574 UFA, TECNOLOGIAS DE COMUNICACION, SL, de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 342-62300.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 18.144€ (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 3.810,24 €, o que totaliza un importe de 21.954,24 € (IVE incluído).

- Melloras:

- Redución do prazo de execución en 15 días.

### **PRP2024/2958**

Na actualidade, o trazado urbano de Vilagarcía de Arousa sito entre a Praza da Constitución ata o cruce coa rúa Santa Lucía presenta tramos de abastecemento en tubería de fibrocemento. Vista a problemática deste tipo de tuberías, principalmente asociada co amianto e a salubridade da poboación, así como o envellecemento destas tuberías, que diminúe a eficiencia da rede no referido a posibles fugas e roturas.

Coa finalidade de dar unha solución aos referidos problemas existentes neste tramo da rede de abastecemento, foi redactado proxecto técnico polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González.

Con data 29 de febreiro de 2024 foi solicitada autorización sectorial á Unidad de Carreteras del Estado en Pontevedra, do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Para o cofinanciamento da execución das obras contempladas no proxecto de referencia, foi concedida mediante Resolución do director de Augas de Galicia de data 4 de xullo de 2024, previa solicitude, axuda por importe de 37.036,18 € no marco das subvención para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia (procedemento AU301E).

Con data 31 de xullo de 2024 foi reiterada a solicitude de emisión do informe correspondente á Unidad de Carreteras del Estado en Pontevedra, do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, para non poñer en risco a financiación, dado que o prazo de xustificación da subvención concedida por Augas de Galicia remata o 12 de novembro de 2024.

Tendo en conta o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico denominado “Proxecto de substitución de tubería actual fibrocemento DN-175 por PVC DN200 desde Praza da Constitución ata cruce rúa Santa Lucía”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, cun orzamento (IVE engadido) de 46 295.22€, quedando esta aprobación condicionada ao que resulte do informe sectorial solicitado, debendo aprobarse novamente o proxecto en caso de ser necesaria a súa modificación a resultas da autorización que se emita.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2024/2929**

Dase conta ao Pleno da Corporación do informe de período medio de pago e morosidade previsto no artigo quinto, apartado cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondente ao 2º trimestre de 2024 do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de Deportes:

- Período Medio de Pago Concello: 30,95 días
- Peíodo Medio de Pago Fundación de Servizos Deportivos: 9,50 días

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2024/2930

Dase conta dos datos correspondentes á execución do 2º trimestre do presuposto o exercizo 2024 do Concello de Vilagarcía de Arousa e do Organismo autónomo FPSDM, remitidos en prazo ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas:

CONCELLO:

- Dereitos recoñecidos netos: 11.614.039,02 €
- Obrigas recoñecidas netas: 15.594.024,22 €
- Remanente líquido de Tesourería gastos xerais: 9.757.768,32 €

FPSDM:

- Dereitos recoñecidos netos: 545.305,05 €
- Obrigas recoñecidas netas: 502.752,72 €
- Remanente líquido de Tesourería gastos xerais: 40.231,75 €

INFORME ESTABILIDADE consolidado:

- Capacidade de financiamento: 2.029.151,06 €
- Débeda viva: 6.034.361,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2024/2988

Visto o expediente de gasto INT/2024/335 integrado pola relación de xustificantes F/2024/83 por importe de 60.920,20€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/83 por importe de 60.920,20€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	de Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Nome	Texto Explicativo
F/2024/3393	A 15550	08/05/2024	471,90	171	22199	CANTO BUA, JUAN JOSE	SACOS DE BASURA INDUSTRIAL 90X110 EXTRA / LEJIA SARMIENTO 3X5LT
F/2024/3395	*ADM24 277	20/05/2024	189,55	171	22109	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	GOMPHRENA GLOBOSA PING PONG / DIPLADENIA / DIPLADEMIA / DIPLADEMIA SANDERIANA PACO C23 / HORTENSIA MAGICAL M20 / REPOSIC
F/2024/3396	*ADM24 278	20/05/2024	268,67	171	22109	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	FLOR LAVANDA 48CM / 4258-09 ADIANTUM / GYPSOPHILA 70CM BURDEOS / MARGARITA 92CM BLANCO / MEDINILLA MAGNIFICA EMPAQUETADA
F/2024/3397	*ADM24 279	21/05/2024	285,85	171	22109	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	CENTRO / MACETA URANIA 37CM ANTRACITA / PHALENOPSIS MULTIFLORATYPES EMPAQUETADA / CENTRO / CROTON VARIEDADES
F/2024/3398	*ADM24 280	21/05/2024	52,50	171	22109	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	CERCIS SILIQUASTRUM 10L 150CM / PARQUE XUNQUEIRA
F/2024/3411	Emit- 642	21/05/2024	28,31	171	22199	DIPETRINTA, S.L.	BLISTER PILAS ALKALINAS 4xLR06
F/2024/3450	A0002024 116	28/05/2024	1.034,55	135	22104	SEPY MEDICAL, S.L.U.	POLO MANGA CORTA MARINO/ROJO DE BOMBEROS CON SERIGRAFIA INCLUIDA. ESCUDO AGRUPACION EN PECHO Y EMERXENCIAS VILAGARCÍA EN
F/	A0002024 117	28/05/20	76,23	135	22199	SEPY MEDICAL,	CARTEL D.E.S.A. FOTOLUMINISCENTE

2024/34 51		24				S.L.U.	PARA ANCLAJE A PARED
F/ 2024/34 52	RM 240965	28/05/20 24	24,01	311	214	RECAMBIOS HIDRAULICA MIRO, S.L.	GARR.5LTS.CC OCRE NEW PLUS 50%
F/ 2024/34 54	A0002024 119	28/05/20 24	186,95	135	213	SEPY MEDICAL, S.L.U.	SUSTITUCION DE JUEGOS DE ELECTRODOS DESFIBRILACION ADULTO PARA DESFIBRILADOR MODELO PHILIPS FR2 / SUSTITUCION DE JUEGOS
F/ 2024/34 58	FAC-VIL24- 05293	28/05/20 24	81,80	135	213	SIGALTEC, S.L	MANGUERA ARMOVIN ALIMENTARIA 50
F/ 2024/34 88	0 24002847	27/05/20 24	75,23	171	22199	SOBRINO G., S.A.	ENREJADO T/T 51-1,50 R/50 / COLLARIN N- 4,8 x 250 B/100
F/ 2024/34 94	Emit- 3944	29/05/20 24	1.366,39	135	214	BULL FUEGO, S.L.	Electroválvula 7444 de 2"" Acero inox + actuador S85 24-240V / Trabajo realizado en vehículo Iveco EuroTrakker matrícula
F/ 2024/34 97	A 24132	29/05/20 24	1.780,25	171	22109	TROQUIÑA, S.L.	DIMORFOTECA M13 / PARQUES E XARDINS / MATERIAL RETIRADO POR DOLORES BARREIRO SUMAY 76864934Q / CERCIS SILICUSTRUM C45 C
F/ 2024/35 01	A 958	30/05/20 24	116,08	171	22199	SEGURLAIN 2020, S.L.	PARQUES Y JARDINES / RESPONSABLE MARIA DOLORES BARREIRO SUMAY / Guante Flexycotton latex / Soporte abatible 3 posiciones
F/ 2024/35 74	1 000007	03/06/20 24	2.057,00	920	22706	ENTERSOLO, S.L.	RÉXIME INTERIOR: PRP2023/4551 cargo á partida 920.22706. MANTENIMIENTO ANUAL Aplicativo ""Gestión Patrimonio"": Incluye:
F/ 2024/35 92	VIL-24 005	31/05/20 24	408,37 408,38	231 171	22799 22799	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	MAYO.-Limpieza, mantenimiento y conservacion de espacios naturales y zonas verdes del entorno del concello.
F/ 2024/36 08	F06000R-29187	31/05/20 24	62,94	134	22699	SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U.	MTS.TUBO ACERO INOX.AISI-316 28X0.8 BRI. ( Obra: VAIBIKE ) / CURVA 90 HH d.28 FILPRESS ( Obra: VAIBIKE ) / ABRAZ.SIMPLE
F/ 2024/36 20	V 20241091	31/05/20 24	304,92	165	214	MADERAS REDONDO, S.L.	TABLERO FENOLICO OKUME WBP / CORTE EN SECCIONADORA
F/ 2024/36 30	1 240298	05/06/20 24	77,56	135	214	JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L.	DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600, UT:L01360600, OG:L01360600 / ALBARÁN:240661 DEL 15-05- 2024 / RESPO
F/ 2024/36 32	1 240300	05/06/20 24	16,96	135	214	JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L.	DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600, UT:L01360600, OG:L01360600 / ALBARÁN:240485 DEL 08-04- 2024 / RESPO
F/ 2024/36 33	1 240301	05/06/20 24	160,93	135	214	JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L.	DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600, UT:L01360600 OG:L01360600 / ALBARÁN: 240463 DEL 03-04- 2024 / RESPO
F/ 2024/36 34	1 240302	05/06/20 24	10,41	135	214	JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L.	DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600, UT:L01360600, OG:L01360600 / ALBARÁN: 240662 DEL 16-05- 2024 / RESP
F/ 2024/36 35	1 240303	05/06/20 24	3,39	135	213	JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L.	DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 / ALBARÁN: 240094 DEL 25-01- 2024 / RESPON
F/ 2024/36 36	1 240304	05/06/20 24	20,45	135	22199	JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L.	DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 / ALBARÁN 240092 DEL 25-01- 2024 / RESPONS
F/ 2024/36 45	4052016719	26/03/20 24	114,94	334	22199	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	CINTA-SEG-ADHES-YELLOW-BLACK- 25MMX6M / CINTA-SEG-ADHES-YELLOW- BLACK-50MMX6M
F/ 2024/36 46	4051943846	12/03/20 24	181,14	165	22199	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	CJTO DESTOR VDE SLIM 5 PZS
F/ 2024/36 47	4051966836	15/03/20 24	88,96	165	22199	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	AFLOJATODO BOLTEX COBRA, 300 ML

F/ 2024/36 54	RM 241192	05/06/20 24	8,13	135	214	RECAMBIOS HIDRAULICA MIRO, S.L.	E	TUERCA MOVIL JIC 7/8 P/MANGUERA 3/8 / TAPON HEMBRA JIC 7/8 14H UNF
F/ 2024/36 55	RM 241193	05/06/20 24	438,33	135	214	RECAMBIOS HIDRAULICA MIRO, S.L.	E	BATERIA AD SHD CAMION
F/ 2024/36 69	1240600057	04/06/20 24	77,42	165	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		BASE AEREA 32A 3PNT 380-415V IP67 TOR / N-12 20MX19MM BLANCO / N-12 20MX19MM NEGRO / N-12 20MX19MM AZUL / N-12 20MX19MM
F/ 2024/36 70	1240600061	04/06/20 24	52,73	338	22699	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		TUBO L.H. C/GUIA HORMICOR M-32 GRIS (ROLLO 50M)
F/ 2024/36 71	1240600056	04/06/20 24	824,00	134	22699	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		ACTI 9 IC40F 1PN C 16A 6000A/6KA MINIATU / ACTI 9 IC40F 1PN C 16A 6000A/6KA MINIATU
F/ 2024/36 72	1240600053	04/06/20 24	311,62	165	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		AFUMEX CLASS 1000V RZ1-K AS 3G1.5 R100M / TOXFREE ZH RZ1-K (AS) (ROLLOS) 3G2,5 / LAMP. LED A60 FROSTED 14W 1520LM E27 60
F/ 2024/36 73	1240600050	04/06/20 24	123,42	134	22699	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		CAJA DE DERIVACION IP65 121X121X68 CON CONOS TAPA OPACA / BLINDADO ENCHUFABLE 20 GRIS / CURVA RKS/20MM IP40 / CURVA FLEX
F/ 2024/36 74	1240600060	04/06/20 24	335,09	1530	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		22 BRIDA PARA USO EXTERIOR NEGRO 4,8X188 U61X / 22 BRIDA PARA USO EXTERIOR NEGRO 4,8X287 U61X / BORNES DE SEGURIDAD Y DE
F/ 2024/36 75	1240600058	04/06/20 24	145,08	320	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		ABREPUERTAS UNIVER. 990N-P22 10-24V MAX / TUBO LED T8 CRISTAL 18W 2000LM G13 1212MM 6500°K CRI80 FP0,9 200° 25000H
F/ 2024/36 76	1240600054	04/06/20 24	138,11	334	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		RETENAX CPRO RV-K 1KV 3G2.5 ROL
F/ 2024/36 77	1240600059	04/06/20 24	165,29	160	22199	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		ORGANIZADOR SORT MASTER JUNIOR / JUEGO DE 9 LLAVES MACHO LARGAS 6 CARAS - CABEZAS ESFÉRICAS EN ESTUCHE / 275230 PREAISLA
F/ 2024/36 78	1240600055	04/06/20 24	225,06	160	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		POWERFLEX RV-K (ROLLOS) 3G1,5 / RETENAX CPRO RV-K 1KV 3G2.5 ROL
F/ 2024/36 79	1240600052	04/06/20 24	12,04	165	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		CLAVIJA MURAL 16A 2PT 200-250V IP 44 50-
F/ 2024/36 83	Emit- 716	06/06/20 24	29,40	165	213	DIPETRINTA, S.L.		P.LITIO 3 1200 / P. LITIO
F/ 2024/36 84	TA 24011696	04/06/20 24	30,25	132	214	TALLERES IGLESIAS, S.L.	S.	LAVADO COMPLETO DEL VEHICULO IVECO 2793MFV, SERVICIO: POLICIA LOCAL; AUTORIZADOR: X.CRLOS OUBIÑA.EUS; POLICIA 297045
F/ 2024/37 55	Emit- 022024E	11/06/20 24	4.101,90	171	63900	PAR FERNANDEZ, RICARDO		Suministro de electrobomba centrífuga normalizada 1.500 r.p.m. Fa/50/00b-3CV / Suministro de electrobomba centrífuga nor
F/ 2024/37 56	2024 69	31/05/20 24	1.368,00	2313	22610	ASOC. FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER OUTRAS DEMENCIAS	DE DE E	OBRADOIROS DE ESTIMULACION COGNITIVA E PSICOMOTRIZ IMPARTIDOS NO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA DURANTE O MES DE MAIO
F/ 2024/37 57	OP 1024	10/06/20 24	1.767,70	334	22799	BASADRE BARREIRO, DIEGO		Asistencia Tecnica para Ciclo Agora Vermu en Vilagarca de Arousa
F/ 2024/37 58	A 0824	10/06/20 24	4.235,00	334	203	BASADRE BARREIRO, DIEGO		Aluguer e montaxe equipamento de Son para Ciclo Agora Vermu os días: 12/19/26 de maio 2/9 de Xuno Que consta de : Tw
